




DESMONTANDO A DESINFORMACIÓN



IES de Beade

A loiada




https://www.lavozdigital.es/cadiz/lvdi-curso-para-mujeres-desempleadas-incluye-clases-estimulacion-clitoris-201611242140_noticia.html

Estratexias para refutar a loitada.

A páxina **maldita.es** desmente esta noticia falsa con distintas estratexias:

- Consultar o pregue de contratación e o programa do curso realizado polo Concello de Cádiz: “Habilidades sociales para la inserción laboral” .
- Preguntar a súa opinión a mulleres asistentes a este curso e saber se este contido foi tratado.



Listaxe de cotexo para detectar unha loiada

1

Verifica a fonte

- A nova provén dun medio coñecido e fiable?
- Se o sitio web ten un nome estraño ou imita outro (por exemplo, elpais-noticias.info), desconfía.

2

Comproba a data e o contexto

- Comproba a data e o contexto
- Moitas veces circulan noticias reais pero fóra de contexto ou de data.
 - Revisa se o feito é recente e se se relaciona co tema do momento.

3

Busca outras fontes

- Outros medios tamén publicaron esa información?
- Se só aparece nun sitio ou nunha rede social dubidosa, pode ser falsa.

4

Analiza as imaxes e vídeos

- Fai unha busca inversa (por exemplo, con Google Lens) para ver se a imaxe foi usada noutra noticia ou lugar.
- As fake news adoitan empregar fotos manipuladas ou sacadas de contexto.

5

Detecta o ton e a intención

- As noticias falsas buscan provocar emocións fortes: medo, indignación ou risa.
- Se o texto parece esaxerado, con linguaxe moi emocional ou insultos, é boa idea dubidar.

6

Consulta páxinas de verificación

- Sitios como Maldita.es, Newtral, ou AFP Factual revisan e desmenten noticias falsas.
- Débense consultar antes de compartir nada.

Debatemos:

3 preguntas sobre as loiadadas

1




Por que cres que algunhas persoas crean ou comparten noticias falsas, mesmo sabendo que non son certas?

2

Como podemos saber se unha información que circula nas redes é fiable ou non? Que pasos seguirías ti?

3

Cres que as redes sociais deberían controlar o que se publica para evitar as loiadadas, ou iso limitaría a liberdade de expresión?



GRAZAS

